

VI CONGRESO MEDIOS DE COMUNICACIÓN E IGUALDADE DE XÉNERO **“Os medios de comunicación e a loita contra a ciberviolencia machista”**

ASOCIACIÓN DE PERIODISTAS DE GALICIA (APG)

Hotel Oca Puerta del Camino - Xoves, 20 novembro 2025

CONCLUSIÓNS:

- A ONU manifesta que a violencia de xénero dixital é un “crime encuberto” e subraia o seu carácter sistémico e difícil de visibilizarse a OMS sinalou no ano 2000 que a violencia de xénero é “un problema de saúde pública”
- Constátase un aumento dos ciberataques e ciberabusos contra as mulleres (especialmente, menores), unha lacra orientada a silenciar ás vítimas debido a que se agochan no anonimato, (que amplifica os estereotipos do mundo real), ao seu alcance masivo e á frecuencia desas mensaxes a través das plataformas dixitais
- Preocupación polo retroceso social en valores e o auxe das ideoloxías misóxinas, con proliferación dos discursos de odio e das comunidades masculinas dixitais que se reforzan mutuamente, perpetuando a violencia de xénero (forma de violencia que non esixe proximidade física, que non ten horario e pode operar tódolos días do ano)
- A violencia dixital produce a normalización dunha cultura da violencia, causando un efecto de desinhibición e dando aos seus autores a sensación de impunidade
- Esta a aumentar de xeito considerable o componente cibernético nos casos de homicidios en parellas sentimentais, así como as ameazas a través das redes sociais no mesmo ámbito
- Son frecuentes tamén as prácticas de hostigamento e violencia simbólica e verbal, dirixidas contra mulleres en diversos contextos, incluídos ámbitos de fans, transmisión e administración
- A sociedade no seu conxunto necesita desenvolver unha postura máis reflexiva sobre o uso dos medios dixitais
- A loita contra a violencia de xénero require dun enfoque multidisciplinar, que implique a expertos dos ámbitos da Administración, xudicial, policial, académico, asociativo e mediático

- Os medios de comunicación e as institucións educativas, incluída a Universidade, son cruciais na loita contra estas novas formas tecnolóxicas de violencia, polo que é necesario artellar con eles estratexias anuais para unha sensibilización constante da sociedade, difundir guías de boas prácticas e realizar obradoiros para avanzar na prevención dos ciberataques
- A vulnerabilidade dos menores ante os ciberataques e os cíberabusos revelan a importancia da educación afectivo-sexual e das novas ferramentas legais en España (como a Lei de Garantía da Liberdade Sexual), para retirar contidos ilícitos e protexer ás vítimas
- Os programas de formación sobre violencia de xénero dixital teñen que incluír a tódolos implicados na materia: xuíces, profesores, forzas da orde... e tamén ás familias e os contornos familiares
- É moi importante formar aos mozos no uso crítico das novas tecnoloxías dixitais e para que preserven a súa privacidade, así como falar coas plataformas dixitais para que adopten medidas de autorregulación
- Constátase a necesidade de realizar un maior esforzó inversor para formación en competencias dixitais (para tódalas idades) e en xestión emocional
- É necesario fortalecer a colaboración cos medios de comunicación para visibilizar a violencia dixital de xénero e combater a desinformación, explorando medidas específicas contra o anonimato malicioso en redes sociais, pero mantendo a garantía de dereitos
- É moi importante tamén o seguimento que realizan asociacións como “Stop Violencia de Xénero Dixital”, cuxa presidenta participa no Congreso, para dar apoio ás vítimas e para establecer os protocolos de resposta a este tipo de agresións
- Sería preciso elaborar un repositorio de recursos e asociacións de vítimas dos ataques cibernéticos para realizar derivacións e facilitar apoio inmediato ás vítimas
- A loita contra a violencia de xénero dixital no noso país debe pasar por elaborar estudos cuantitativos e cualitativos e bases de datos empíricos fiables (agora son moi dispersos), aprobar unha lei de protección dos menores nos contornos dixitais e atender ás vítimas deste tipo de violencia de xeito integral
- Outro elemento clave será mellorar os recursos para a realización das peritaxes relacionadas coas tecnoloxías dixitais, o que permitirá a mellora tamén da calidade das probas nos procesos xudiciais
- O papel dos medios de comunicación tamén serán decisivos no desenvolvemento desa Lei galega (e en xeral, na loita contra as violencias machistas) nos eidos da pedagogía social, a sensibilización e a prevención

- O xornalismo profesional é decisivo para verificar datos e combater a desinformación que prolifera nas redes sociais
- A hostilidade dos ataques machistas contra mulleres que destacan ou están nunha situación prominente por loitar polos seus ideais ou polo ben común, é moi superior á dos propios homes contra outros homes
- A solución ao acoso político contra mulleres pasa por visibilizar o fenómeno, sinalar os comportamentos de acoso e esixir un debate baseado no respecto.
- Dacordo coa filosofía do Convenio de Estambul, dende a Lei Orgánica 1/25 española, a violencia contra a muller xa non se considera unha violencia no ámbito intrafamiliar, senón unha violencia contra a muller polo mero feito de ser muller (casos que no pasado xulgou a xurisdicción ordinaria, hoxe serían xulgados por unha xurisdicción especializada)
- O Goberno galego prepara unha Lei, pioneira en España, contra os delitos dixitais, que busca sentar un marco legal ante este tipo de condutas ilegais
- A diferenza dos delitos patrimoniais, os delitos de violencia de xénero comportan un labirinto de variedades afectivas e emocionais, que obstaculizan a identificación do delito e a denuncia (as vítimas son “moi resistentes” á investigación policial)
- Existe unha cifra inconsciente en ciberviolencia, porque a vítima non é consciente da vulneración dos seus dereitos fundamentais (segredo das comunicacións, propia imaxe, intimidade)
- O Ministerio do Interior está a piques de publicar na súa web o informe final e unha guía dixital derivada dun amplo estudo nacional sobre ciberviolencia de xénero
- Ese traballo, que deriva da análise de tódolos casos de violencia de xénero a través de TIC denunciados en España (incluíndo policía autonómicas) servirá para armonizar definicións, comprender cualitativa e cuantitativamente as manifestacións dos delitos (sextorsión, sexting) e coñecer os perfís de vítimas e cibervitimarios, dinámicas relacionais e modus operandi
- Ponse en entredito a histórica inclusión de páxinas de contactos sexuais e ofertas de prostitución nos medios de comunicación e plataformas dixitais, o que normaliza esas prácticas e produce un lucro para as súas empresas (é necesaria unha reflexión e autocrítica)